

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA E PARA AS ADMINISTRACIONES TERRITORIAIS

3437 *Real decreto 93/2018, do 2 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 948/2015, do 23 de outubro, polo que se regula a Oficina de Recuperación e Xestión de Activos.*

I

O Real decreto 948/2015, do 23 de outubro, polo que se regula a Oficina de Recuperación e Xestión de Activos (en diante, Oficina), configúraa como un órgano da Administración xeral do Estado e auxiliar da Administración de xustiza, ao cal corresponden as competencias de localización, recuperación, conservación, administración e realización dos efectos, bens, instrumentos e ganancias procedentes de actividades delituosas cometidas no marco dunha organización criminal e de calquera outra que se lle atribúa, nos termos previstos na lexislación penal e procesual.

Pola súa parte, no seu capítulo III establece as regras básicas do procedemento que seguirá cada expediente desde a súa incoación até a súa finalización e, no capítulo IV, o réxime económico da Oficina e a distribución do produto obtido, establecendo un modelo de xestión económica asociado á conta de depósitos e consignacións xudiciais.

A Orde JUS/188/2016, do 18 de febreiro, determina o ámbito de actuación, a entrada en funcionamento operativo da Oficina e a apertura da súa conta de depósitos e consignacións.

II

Ao se tratar a Oficina dun órgano da Administración xeral do Estado de nova creación e coa peculiaridade de ser auxiliar da Administración de xustiza, xorde a necesidade de desenvolver o seu réxime de funcionamento regulando os procedementos que seguirá a Oficina para o desenvolvemento da función de xestión dos bens encomendados pola autoridade xudicial; en concreto, para a realización dos bens, para resolver sobre a adxudicación do uso dos bens intervidos ou embargados pola Administración, para establecer os supostos en que procederá a destrución dos bens, entre outros. Así mesmo, cómpre clarificar a forma en que se liquidarán e aboarán os gastos de xestión e os que corresponden á Oficina polo desenvolvemento da súa actividade.

Con esta regulación preténdese, por tanto, configurar o marco normativo da actuación da Oficina e adecualo aos principios de seguranza xurídica, transparencia, eficacia e eficiencia.

Esta regulación non introduce cargas administrativas para os cidadáns, ao afectar estritamente o ámbito organizativo interno da Administración pública, e caracterízase pola proporcionalidade e eficiencia.

III

Adicionalmente, modifícase a redacción inicial do Real decreto 948/2015, do 23 de outubro, coa finalidade de solucionar algunhas dúbidas interpretativas suscitadas respecto ao seu ámbito de actuación e para corrixir algúns baleiros normativos detectados desde a súa entrada en funcionamento, como son a intervención da Oficina por instancia do letrado da Administración de xustiza en fase de execución ou o alcance das súas funcións.

IV

Este real decreto é coherente cos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Cumpre cos criterios de necesidade, eficacia e seguraza xurídica dado que, tal e como se sinalou, anteriormente non existía unha regulación dos procedementos de xestión de activos por parte da Oficina co rango normativo adecuado para producir efectos xurídicos fronte a terceiros. Así mesmo, a opción por modificar o Real decreto 948/2015, do 23 de outubro, en lugar de tramitar un novo, permite levar a cabo esta regulación coa mínima reforma da actual normativa e co ánimo de manter un marco normativo integrado e claro.

Cumpre co principio de proporcionalidade ao conter a regulación imprescindible para atender a necesidade que se vai cubrir.

Respecto dos criterios de transparencia e eficiencia, toda a actuación da Oficina, na medida en que é un órgano administrativo aínda que coa dobre condición de auxiliar da Administración de xustiza, se articulou garantindo a transparencia e velando pola obtención do máximo beneficio económico, dentro do respecto á lei co cumprimento de todas as garantías procesuais.

V

Na súa elaboración solicitouse informe do Consello Xeral do Poder Xudicial e do Consello Fiscal.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza e do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de marzo de 2018,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 948/2015, do 23 de outubro, polo que se regula a Oficina de Recuperación e Xestión de Activos.*

O Real decreto 948/2015, do 23 de outubro, polo que se regula a Oficina de Recuperación e Xestión de Activos, queda modificado como segue:

Un. O parágrafo segundo do artigo 1 queda redactado nos seguintes termos:

«A Oficina de Recuperación e Xestión de Activos actuará cando llo encomende o xuíz ou tribunal competente, de oficio ou por instancia do Ministerio Fiscal ou da propia Oficina. Así mesmo, en fase de execución de sentenza a súa actuación poderá ser por instancia do letrado da Administración de xustiza.»

Dous. O número primeiro do artigo 3 queda redactado nos seguintes termos:

«1. Son funcións da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos a localización e recuperación de efectos, bens, instrumentos e ganancias procedentes de actividades delituosas, a súa conservación, administración e realización.

Non corresponderá á Oficina a localización ou xestión de bens cuxo único fin sexa o pagamento dunha pena de multa.»

Tres. O artigo 5 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 5. *Director xeral.*

1. O director xeral da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos será nomeado entre funcionarios de carreira do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais, pertencentes a corpos ou escalas clasificados no

subgrupo A1, ou ben entre membros das carreiras xudicial ou fiscal ou do corpo de letrados da Administración de xustiza.

2. O director xeral da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos será nomeado e separado mediante real decreto do Consello de Ministros, por proposta do ministro de Xustiza.

3. Corresponden ao director xeral da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos as seguintes funcións:

a) Planificar a actuación da Oficina e aprobar un plan de acción, co ámbito temporal que nel se determine.

b) Dirixir a actividade da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos.

c) Representar a Oficina, en concreto, nas súas relacións institucionais tanto nacionais como internacionais e cos xulgados, tribunais e fiscalías que fagan uso dos seus servizos, así como coas forzas e corpos de seguranza encargados da loita contra a delincuencia organizada.

d) Dentro do obxecto do presente real decreto, exercer aquelas que lle sexan atribuídas por delegación do órgano de contratación correspondente, de conformidade coa normativa de contratación do sector público.

e) Concluir acordos con terceiras institucións para os efectos de levar a cabo as funcións e os fins que lle son propios, cando lle sexan delegadas estas competencias.

f) Coordinar os traballos preparatorios da Comisión de Adxudicación de Bens Produto do Delito.

g) Favorecer a coordinación da Oficina co poder xudicial, coa Fiscalía Xeral do Estado, coa policía xudicial e cos ministerios afectados, así como con outras institucións públicas ou privadas, no exercicio das súas funcións.

h) Coordinar o labor da Oficina con outros departamentos, organismos e institucións públicas, no ámbito das súas competencias, cando sexa necesario.

i) Elevar ao ministro de Xustiza a memoria anual da súa actividade.

j) Elaborar estatísticas da actividade da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos.

k) Resolver sobre a adxudicación de bens, como resultado da súa realización, e sobre a adxudicación do uso provisional de bens intervidos ou embargados xudicialmente.

l) As demais funcións que se refiran ao obxecto da Oficina e lle poidan atribuír outras normas.

4. Porán fin á vía administrativa as resolucións ditadas polo director xeral da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos a que se refire a alínea k) do número anterior, en materia de adxudicación de bens, como resultado da súa realización.»

Catro. O artigo 6 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 6. *Subdireccións xerais.*

1. A Oficina estruturarase internamente en dúas subdireccións xerais en relación coas funcións que ten atribuídas:

a) A Subdirección Xeral de Localización e Recuperación de Bens, que ten as funcións de identificación e busca dos efectos, bens, instrumentos e ganancias provenientes do delito radicados dentro ou fóra do territorio nacional, así como a súa posta á disposición xudicial.

No exercicio destas funcións, e dentro do marco da encomenda xudicial ou do Ministerio Fiscal, coordinarase coas forzas e corpos de seguranza e poderá solicitar a colaboración doutras entidades públicas ou privadas.

Así mesmo, correspóndelle o intercambio de información patrimonial con oficinas análogas no ámbito internacional.

b) A Subdirección Xeral de Conservación, Administración e Realización de Bens, que ten as funcións seguintes:

1.º O mantemento e a xestión dos efectos, bens, instrumentos e ganancias provenientes do delito, cando fosen intervidos ou embargados xudicialmente, calquera que sexa a súa natureza, así como dos beneficios, froitos e rendas de tales bens. Poderá comprender tamén a destrución dos bens cando sexa acordada pola autoridade competente, nos termos previstos legalmente.

A Oficina poderá xestionar os bens de calquera das formas previstas na lexislación aplicable ás administracións públicas, sen prexuízo da suxeición a outra normativa que resulte aplicable.

2.º A elaboración de informes sobre o estado e circunstancias dos bens xestionados, que remitirá á autoridade competente, de oficio ou cando esta o solicite, para os efectos de evitar as actuacións antieconómicas e garantir, dentro do respecto á lei e co cumprimento de todas as garantías procesuais, o máximo beneficio económico.

3.º A realización dos bens, que comprenderá a actividade tendente á venda dos bens, efectos, ganancias e instrumentos cuxa xestión se lle encomendase xudicialmente á Oficina de Recuperación e Xestión de Activos, tras o seu comiso. Así mesmo, por encomenda do órgano xudicial, corresponderalle a realización dos bens comisados adxudicados ao Estado, salvo que se inscribisen a nome do Estado no correspondente Rexistro da Propiedade ou Rexistro de Bens Mobles.

Esta función comprenderá tamén a venda anticipada de bens intervidos ou embargados, cando esta fose autorizada xudicialmente no ámbito de actuación da Oficina.

4.º A adxudicación do uso dos bens ou efectos comisados ou embargados, sempre que o órgano xudicial autorizase a súa utilización provisional.

5.º A función derivada do soporte necesario para o desenvolvemento da actividade propia da Comisión de adxudicación de bens produto do delito.

6.º A xestión da conta de depósitos e consignacións da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos.

2. A Oficina de Recuperación e Xestión de Activos poderá asinar un convenio de colaboración co órgano competente do Ministerio do Interior para os efectos de regular a interrelación do seu persoal coa Oficina, que poderá incluír unha cláusula de adscrición do persoal que eventualmente poida formar parte desta en réxime de atribución temporal de funcións.»

Cinco. O artigo 9 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 9. *Iniciación.*

O procedemento iniciárase coa recepción do testemuño da resolución do órgano xudicial ou do decreto do fiscal que solicite a intervención á Oficina de Recuperación e Xestión de Activos.

No suposto de que a propia Oficina de Recuperación e Xestión de Activos inste o órgano xudicial ou a fiscalía, de ser o caso, para a remisión dun procedemento, incoarase un procedemento coa dita solicitude. En caso de estimación da proposta da Oficina, o procedemento continuará polos trámites previstos neste capítulo. En caso de desestimación, arquivarase o procedemento coa recepción da resolución do órgano xudicial ou do decreto do fiscal en que así se faga constar.»

Seis. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 11, que quedan redactados nos seguintes termos:

«1. Tan pronto reciba o testemuño da resolución do órgano xudicial ou do decreto do fiscal que inste a súa intervención, a Oficina de Recuperación e Xestión

de Activos poderá levar a cabo, nos termos alí sinalados, as actuacións de investigación patrimonial que procedan en cada caso para a localización e recuperación de bens do investigado ou encausado.

2. Cando a habilitación xudicial así o estipule, encargarase da conservación e administración de tales bens.

Para iso, a Oficina de Recuperación e Xestión de Activos poderá subscribir os contratos ou encomendas necesarios.»

Sete. Os números 2 e 3 do artigo 12 quedan redactados nos seguintes termos:

«2. Aplicarase o disposto na Lei 23/2014, do 20 de novembro, de recoñecemento mutuo de resolucións penais na Unión Europea, ou os convenios aplicables, de ser o caso, cando o auto do xuíz competente ou o decreto do fiscal fagan constar que as actuacións que se solicitan á oficina teñen a súa orixe nunha solicitude dunha autoridade xudicial estranxeira.

3. A Oficina de Recuperación e Xestión de Activos poderá intercambiar información cos organismos da Unión Europea e de terceiros Estados que teñan entre as súas competencias a recuperación de activos, cando resulte conveniente, no exercicio das súas funcións.»

Oito. O número 1 do artigo 13 queda redactado nos seguintes termos:

«1. Os recursos que se encomenden á Oficina de Recuperación e Xestión de Activos con anterioridade a que se dite resolución xudicial firme de comiso poderanse xestionar a través da conta de depósitos e consignacións xudiciais da Oficina cando se trate do diñeiro resultante do embargo ou a realización anticipada dos efectos.

Para os restantes bens, en atención ás circunstancias e con suxeición aos principios de eficiencia e transparencia, a Oficina poderá xestionalos de calquera das formas previstas na lexislación aplicable ás administracións públicas, sen prexuízo da suxeición a outra normativa que resulte aplicable.

Os xuros do diñeiro e os rendementos e froitos dos bens destinaranse a satisfacer os custos de xestión, incluídos os que correspondan á Oficina; a cantidade restante conservarase a resultas do que se dispoña mediante resolución xudicial firme de comiso.»

Nove. Engádesse un novo capítulo VI, coa seguinte redacción.

«CAPÍTULO VI

A xestión de activos por parte da Oficina

Artigo 19. *Ámbito da xestión de activos.*

1. A Oficina levará a cabo a xestión de bens procedentes de actividades delituosas que fosen intervidos, embargados ou comisados xudicialmente no ámbito das actividades delituosas cometidas no marco dunha organización criminal, así como das actividades delituosas propias do ámbito do comiso ampliado, que lle encomende o órgano xudicial.

2. A xestión de activos por parte da Oficina realizarase conforme o previsto no capítulo II bis do título V do libro II da Lei de axuízamento criminal, así como no presente real decreto.

3. Cando a Oficina actúe por encomenda do órgano xudicial, producida por instancia da propia Oficina, farao baseándose en motivos de oportunidade no marco de calquera actividade delituosa e nos termos previstos nas leis penais e procesuais, e independentemente da data do embargo ou comiso.

4. A función de xestión que realice a Oficina non incluírá nin o depósito dos bens que lle sexan encomendados nin a xestión de sociedades mentres non se dite orde do Ministerio de Xustiza que dispoña a realización destas actuacións.

5. No suposto de bens comisados adxudicados por resolución xudicial firme ao Estado, a Oficina procederá á súa realización sempre que así llo encomendase o órgano xudicial e non se inscribisen nos correspondentes rexistros públicos.

6. A Oficina en ningún caso poderá ser titular de bens ou dereitos nin poderán ser inscritos ao seu nome en rexistros públicos.

Artigo 20. *Apertura do expediente.*

1. Unha vez examinada a resolución do órgano xudicial, a Oficina comunicará ao órgano xudicial a apertura do correspondente expediente. Cando do contido da resolución do órgano xudicial se desprenda que queda fóra do ámbito de xestión da Oficina nos termos descritos no artigo 19.2 deste real decreto, informarase o órgano xudicial que realizou a encomenda e archivarase o expediente.

2. No suposto de que a propia Oficina instase o órgano xudicial para a xestión dos bens, o procedemento incoarase coa dita solicitude. En caso de estimación da solicitude, o procedemento continuará polos trámites previstos no presente real decreto. En caso de desestimación, archivarase o procedemento coa recepción da resolución do órgano xudicial en que así se faga constar.

Así mesmo, procederá o arquivamento do procedemento se, transcorridos seis meses desde a solicitude, non se recibe resposta por parte do órgano xudicial, do que se dará traslado ao órgano xudicial e ao Ministerio Fiscal.

Procederá a reapertura do expediente arquivado en caso de que o órgano xudicial estime a solicitude efectuada pola Oficina, unha vez transcorrido o prazo de seis meses.

Artigo 21. *Información sobre os activos.*

1. A Oficina requirirá canta información precise para a xestión dos bens.

2. Se a Oficina encontra dificultades insuperables para a identificación do ben encomendado, porao en coñecemento do órgano xudicial.

3. Cando un ben non se encontre depositado no lugar indicado polo órgano xudicial, se constate que está destruído ou se teña coñecemento de calquera outro aspecto relevante relacionado con el, porase en coñecemento do órgano xudicial para os efectos que procedan.

Artigo 22. *Taxación dos bens.*

1. Cando non conste taxación, e resulte precisa para a intervención da Oficina, esta taxará os bens intervidos, embargados ou comisados cuxa xestión se lle encomende.

En todo caso, no proceso de valoración dos bens evitarase a taxación dos bens carentes de valor ou cuxo valor sexa ínfimo, os obxectos inservibles ou os obxectos sen utilidade por si mesmos por formaren parte doutro ben, do que se informará motivadamente o órgano xudicial.

2. Para a taxación dos bens, a Oficina promoverá a celebración dos convenios de colaboración, contratos e encomendas de xestión que resulten precisos.

Artigo 23. *Análise económica.*

Cando a encomenda xudicial non prevexa o destino dos bens, a Oficina elaborará unha análise económica en que se terán en conta os criterios necesarios para efectos de evitar as actuacións antieconómicas e garantir o máximo beneficio económico. A análise económica terá en conta, entre outros, os seguintes criterios:

- a) Estado do ben: intervido, embargado ou comisado.
- b) Natureza do ben.

- c) Valor de taxación.
- d) Gastos derivados do depósito, conservación e mantemento do ben.
- e) Carácter perecedeiro.
- f) Depreciación polo desuso ou polo simple transcurso do tempo.
- g) Situación posesoria.
- h) De ser o caso, cargas que o graven.

Artigo 24. *Proposta de actuación.*

1. Unha vez realizada a análise económica, a Oficina formulará por escrito unha proposta de actuación que dirixirá ao órgano xudicial, e na cal, de ser o caso, se incluírá a información a que fan referencia os distintos números deste artigo. A proposta poderá consistir, entre outras, nalgunha ou en varias das seguintes actuacións:

- a) En caso de diñeiro intervido, embargado ou comisado, o seu ingreso na conta de depósitos e consignacións da Oficina.
- b) De ser o caso, medidas que se deben adoptar para a conservación e administración dos bens.
- c) A autorización da utilización provisional dos bens intervidos ou embargados.
- d) A realización dos bens, incluída a realización anticipada dos bens intervidos ou embargados.
- e) A destrución dos bens.

2. Para efectos de propor a realización dos bens, se se trata de bens inmoables ou bens móbiles cun réxime de publicidade rexistral similar, a Oficina obterá información do rexistro competente relativa a titularidade e cargas. Para efectos de valoración do ben, levaranse a cabo as actuacións oportunas para comprobar se as cargas inscritas subsisten ou foron modificadas por pagamentos posteriores á súa inscrición ou outras causas.

A existencia de cargas ou prohibicións de dispor voluntarias non impedirá a realización do ben, pero o adxudicatario subrogarase en tales cargas e limitacións. Cando se trate de cargas ou prohibicións de dispor de orixe administrativa ou xudicial, poranse en coñecemento do órgano xudicial para que valore a súa natureza e incidencia no procedemento de realización do ben.

3. A Oficina comunicará ao órgano xudicial a conta expediente da conta da Oficina correspondente ao procedemento, na cal se efectuarán os ingresos e, de ser o caso, pagamentos, de conformidade co disposto no artigo 44.2.

4. A Oficina comunicará ao órgano xudicial a existencia de bens que estean sometidos a un réxime xurídico que exclúa o ben do tráfico ou que someta a limitacións a súa propiedade, posesión ou comercio. Da mesma forma se procederá cando o ben estea sometido a un réxime de dereitos de tanteo e retracto para os efectos de que se practiquen as notificacións aos favorecidos por estes dereitos.

5. A Oficina porá en coñecemento do órgano xudicial, se se producen, algunha das seguintes circunstancias:

- a) Cando o valor das cargas ou gravames iguale ou exceda o determinado para o ben.
- b) Cando, segundo a taxación dos bens, sexa previsible que coa súa realización non se obterá unha cantidade de diñeiro que supere os gastos orixinados por esta.
- c) Calquera outra circunstancia sobre a cal a Oficina considere que o órgano xudicial deba pronunciarse.

Artigo 25. *Actuacións previas á realización dos bens ou efectos.*

Con carácter previo ao inicio do procedemento de realización, a Oficina porá en coñecemento do órgano xudicial a forma de realización e as condicións para o seu desenvolvemento, así como que o procedemento se iniciará nos termos comunicados salvo que no prazo de dez días o órgano xudicial dispoña outra cousa. Este prazo poderase reducir por razóns de urxencia, en caso de bens perecedoiros ou de bens que, pola súa natureza, localización ou outras circunstancias concorrentes, exixan celeridade no proceso de realización.

Así mesmo, comunicaralle a taxación do ben, o seu valor para efectos do procedemento de realización e o prezo mínimo de adxudicación, salvo que a natureza do ben non posibilite a súa taxación.

Artigo 26. *Formas de realización.*

A realización dos bens ou efectos poderá consistir na entrega a entidades sen ánimo de lucro ou ás administracións públicas, na realización por medio de persoa ou entidade especializada ou na poxa pública.

Artigo 27. *Entrega a entidades sen ánimo de lucro ou ás administracións públicas.*

1. A Oficina proporá ao órgano xudicial a entrega do ben a entidades sen ánimo de lucro ou ás administracións públicas cando sexa de ínfimo valor ou se prevexa que a realización por calquera das outras formas previstas será antieconómica, de conformidade co disposto na lexislación procesual.

2. A entrega do ben ou bens a unha entidade sen ánimo de lucro ou a unha Administración pública concreta levarase a cabo logo de autorización xudicial, salvo que o órgano xudicial acorde a súa elección pola Oficina.

3. Cando se trate de bens ou efectos en que proceda a súa afectación ou adscrición a un órgano ou organismo público, a Oficina cursará a correspondente proposta á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado ou, de ser o caso, ao órgano competente para a súa tramitación.

Artigo 28. *Realización por medio de persoa ou entidade especializada.*

1. A Oficina poderá concertar, contratar ou encomendar a realización dos bens a unha persoa ou entidade especializada, cando resulte conveniente en atención á natureza ou ás especiais circunstancias dos bens.

Para iso, a Oficina poderá promover a subscripción dos contratos, convenios de colaboración ou encomendas de xestión que resulten necesarios. En caso de que mediante resolución do órgano xudicial se determine a entidade especializada que debe levar a cabo a realización, a Oficina deberá actuar de acordo co disposto na dita resolución.

2. Porén, cando a Oficina faga uso dunha persoa ou entidade especializada para a realización de bens perecedoiros ou cuxos gastos de depósito sexan tan desproporcionados que requiran unha actuación urxente, poderá seleccionala directamente e deberán solicitarse, sempre que sexa posible, ao menos tres propostas. A selección será motivada e comunicaráselle ao órgano xudicial nos termos previstos no artigo 25.

Non será necesario solicitar tres propostas cando a actuación da persoa ou entidade especializada sexa a título gratuito.

3. O procedemento de realización acomodaráse ás formas ou aos métodos de xestión específicos de cada persoa ou entidade especializada con que se concertase a execución da realización, salvo que por resolución do órgano xudicial se dispoña outra cousa.

En todo caso, a Oficina fixará o prezo mínimo de adxudicación para cada ben ou lote de bens nos termos previstos no artigo seguinte.

4. Unha vez finalizado o procedemento, atenderase ao disposto nos artigos 33 e 34 en relación coa adxudicación dos bens ou efectos.

Artigo 29. *Poxa pública.*

1. A poxa pública terá por obxecto a venda dun ou de varios bens ou lotes de bens, segundo o que resulte máis conveniente, e poderá ser electrónica ou presencial.

2. O valor de cada ben ou lote de bens para efectos da poxa corresponderase co valor que resulte de deducir da súa taxación o importe de todas as cargas e dereitos anteriores e cuxa preferencia resulte da certificación rexistral de dominio e cargas.

Porén, o valor dos bens para efectos da poxa poderase reducir motivadamente até un quince por cento en cada nova poxa que se convoque despois da primeira convocatoria.

3. Os bens mobles non poderán ser alleados por prezo inferior ao cincuenta por cento do seu valor para efectos da poxa. Cando os bens que se vaian realizar sexan inmobles, esta porcentaxe será do setenta por cento.

En todo caso, cando as circunstancias e natureza do ben o requiran, esas porcentaxes poderán reducirse motivadamente logo de autorización do órgano xudicial.

Artigo 30. *Convocatoria da poxa.*

1. A Subdirección Xeral de Conservación, Administración e Realización de Bens acordará a convocatoria da poxa que se rexerá, ademais de polo disposto no presente real decreto, polo prego de condicións xerais e polo prego de condicións particulares.

2. A convocatoria anunciarase no «Boletín Oficial del Estado» e na web do Ministerio de Xustiza, sen prexuízo das actuacións adicionais de publicidade que se consideren adecuadas en cada caso.

3. O anuncio da poxa conterá a data da convocatoria e o número de identificación do procedemento. Se se trata dunha poxa electrónica, incluirá o enderezo electrónico que corresponda á poxa no portal de poxas, en que estará toda a documentación ao dispor dos licitadores. Nas poxas presenciais incluirase a información básica relativa á data e ao lugar de celebración, así como o enderezo da internet en que estará accesible toda a documentación relativa ao procedemento.

4. O prego de condicións xerais aprobarao a persoa titular da Oficina logo de informe da Avogacía do Estado.

5. Poderase aprobar un prego tipo de condicións xerais para cada unha das modalidades de procedemento de poxa.

6. O prego de condicións particulares aprobado pola persoa titular da Subdirección Xeral de Conservación, Administración e Realización de Bens conterá, ao menos, os seguintes aspectos:

a) Número do expediente da Oficina a que correspondan os bens ou lotes de bens que se van poxar.

b) De ser o caso, distribución en lotes dos bens que se van poxar.

c) Descrición e información dispoñibles dos bens ou lotes que se van poxar, con indicación dos seus datos catastrais e rexistrais, do valor de taxación e das cargas e gravames que, de ser o caso, deban quedar subsistentes e afecten os bens.

d) Locais ou recintos onde están depositados os bens e, de ser o caso, posibilidade de seren examinados por quen estea interesado na súa adquisición.

e) Valor de cada ben ou lote de bens para efectos da poxa, tipo de saída e tramos de poxa.

f) De ser o caso, porase de manifesto se a normativa prevé algún dereito de adquisición preferente respecto dos bens ou dereitos poxados.

g) Custo do depósito unha vez transcorrido o prazo para a recollida dos bens.

h) Calquera outra circunstancia que se considere de interese para os posibles licitadores.

Artigo 31. *Requisitos para licitar.*

1. Para participar na poxa os licitadores deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Identificarse de forma suficiente.

b) Ter consignado o cinco por cento do valor dos bens inmoables e o vinte por cento do valor dos bens mobles para efectos da poxa. Excepcionalmente, esta porcentaxe poderá modificarse motivadamente.

2. Non poderán participar na poxa o persoal que preste servizos na Oficina, os taxadores e calquera outra persoa que participase no proceso de aprehensión, embargo ou comiso dos bens ou na poxa.

3. Polo simple feito de participaren na poxa entenderase que os ofertantes aceptan as súas condicións xerais e particulares. Así mesmo, entenderase que aceptan como suficiente a titulación que conste no procedemento ou que non exista titulación e que aceptan, se os houber, subrogarse nas cargas ou gravames anteriores e cuxa preferencia resulte da certificación rexistral de dominio e cargas, en caso de que o remate se adxudique ao seu favor.

4. O adxudicatario non poderá ceder o remate a terceiros. Non obstante, os ofertantes poderán poxar no seu nome ou en representación dun terceiro, circunstancia da cal deberá quedar constancia con carácter previo á realización da poxa, sen prexuízo da acreditación que se efectuará en caso de resultar mellor ofertante.

Artigo 32. *Desenvolvemento da poxa.*

1. Poderase retirar calquera ben dos incluídos na poxa, e desta circunstancia darase conta a través da web do Ministerio de Xustiza e, no suposto de poxa electrónica, do portal de poxas. A retirada dos bens comportará a devolución do depósito efectuado sen que iso implique ningún dereito de compensación para os ofertantes.

2. A Subdirección Xeral de Conservación, Administración e Realización de Bens aprobará mediante resolución o remate en favor do mellor ofertante, e notificará de conformidade co disposto nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Cando o mellor ofertante actúe en representación dun terceiro, con carácter previo á aprobación do remate deberá acreditar a representación. Cando non estea inscrita no Rexistro Electrónico de Apoderamentos da Administración Xeral do Estado, acreditarase mediante copia do poder ou documento que a acredite.

3. O mellor ofertante disporá dun prazo de dez días hábiles no suposto de bens mobles ou de corenta días hábiles para os bens inmoables, contado desde o día seguinte ao da notificación da resolución de aprobación do remate, para consignar na conta de depósitos e consignacións da Oficina a diferenza entre o depositado e o prezo total do remate, e comunicarllo á Oficina.

4. No suposto de que se poxasen bens ou dereitos respecto dos cales, segundo a lexislación aplicable, existan interesados que teñan dereitos de adquisición preferente, acordado o remate, este comunicaráselles aos ditos interesados. Non procederá ditar a resolución de adxudicación até que finalice o

prazo en que, segundo a lexislación aplicable, os interesados poidan exercer o seu dereito ou até que por outras causas se extinga ese dereito.

5. A partir do día seguinte ao de realización da poxa, liberaranse ou devolveranse as cantidades consignadas polos ofertantes, excepto o que corresponda ao mellor ofertante, que se reservará en depósito como garantía do cumprimento da súa obriga e como parte do prezo da venda. Así mesmo, manteranse os depósitos realizados polos ofertantes que poxasen con reserva de oferta para que, se o mellor ofertante non entrega en prazo o importe correspondente, se poida aprobar a adxudicación en favor dos que con reserva de oferta o sigan, pola orde das súas respectivas ofertas e, de seren iguais, pola orde cronolóxica en que se realizaron.

Se ningún dos rematantes a que se refire o parágrafo anterior consigna o prezo no prazo sinalado ou se desisten da súa oferta, decaerán automaticamente no seu dereito e perderán o depósito que efectuaron, sen menoscabo do resarcimento dos danos e perdas que puidesen ocasionar no que exceda a caución efectuada e sempre que o acredite a Administración pública.

6. Os depósitos non devoltos ingresaranse na conta de depósitos e consignacións da Oficina e terán a consideración de produto obtido pola xestión da Oficina, nos termos previstos no artigo 45.

Artigo 33. *Resolución da poxa.*

1. Aprobado o remate e unha vez consignada na conta de depósitos e consignacións da Oficina a diferenza entre o xa depositado e o prezo total do remate, a persoa titular da Oficina ditará resolución de adxudicación en que se expresará, de ser o caso, que se consignou o prezo e, cando proceda, o prazo para a entrega ou retirada do ben. Esta resolución porá fin á vía administrativa.

2. Serán por conta do adxudicatario os gastos, incluídos os fiscais e rexistrals, que orixine a transmisión da propiedade dos bens adxudicados, así como calquera obriga que recaia en quen teña a propiedade de conformidade coa normativa específica que lle resulte de aplicación.

Así mesmo, serán por conta do adxudicatario os gastos que xere o depósito dos bens desde que finalice o prazo para a súa recollida. Para os efectos oportunos, a Oficina porao en coñecemento do órgano xudicial e do depositario na data en que finaliza o dito prazo.

Artigo 34. *Certificación da adxudicación.*

Cando resulte procedente e se trate de bens inmobles ou bens mobles cun réxime de publicidade rexistral similar, a persoa titular da Oficina emitirá certificación da adxudicación en que se fará constar a resolución do órgano xudicial pola cal se lle encomendou a realización do ben, a firmeza en vía administrativa da adxudicación, a identificación do adxudicatario, a descrición dos bens alleados, as cargas e gravames a que están afectos e as demais circunstancias necesarias para a inscrición consonte a lexislación vixente.

Esta certificación será título suficiente para a inscrición ou inmatriculación da adquisición a favor do adxudicatario, de conformidade co disposto na lexislación hipotecaria.

De ser o caso, librarase o oportuno mandamento para a cancelación da anotación rexistral do embargo ou comiso que deu lugar á realización, así como para a cancelación das cargas posteriores a tal anotación, que será suficiente para practicalas sen necesidade de mandamento xudicial salvo que unha norma de rango legal exixa outros trámites.

Artigo 35. *Poxa electrónica.*

1. A poxa electrónica realizarase no portal dependente da Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado e desenvolverase conforme as regras previstas nos artigos 648 e 649 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, para a realización electrónica de poxas xudiciais.

2. Nas poxas electrónicas as notificacións ao mellor ofertante ou, de ser o caso, adxudicatario, realizaranse por correo electrónico no enderezo que conste na certificación de mellor oferta da Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado ou, de ser o caso, no que expresamente se facilite para o efecto.

Artigo 36. *Poxa presencial.*

A poxa presencial realizarase con suxeición ás seguintes regras:

1.^a A convocatoria de poxa anunciarase no «Boletín Oficial del Estado» con, ao menos, un mes de antelación á data da súa realización.

2.^a En caso de que así se prevexa na convocatoria, poderanse admitir poxas en sobre pechado ou enviadas por vía telemática, dentro dos prazos que se establezan na convocatoria, que se incluírán en dous sobres:

- Nun primeiro sobre incluíranse os documentos acreditativos de que o licitador cumpre cos requisitos establecidos para poder concorrer.
- Nun segundo sobre á parte incluírase a oferta económica.

3.^a Na data sinalada constituirase a mesa de adxudicación integrada pola persoa titular da Subdirección Xeral de Conservación, Administración e Realización de Bens, que a presidirá, e coa participación, como vogais, dun avogado do Estado no Ministerio de Xustiza, un representante da Intervención Delegada no Ministerio de Xustiza e un funcionario da citada subdirección xeral, designado pola persoa titular da Oficina, que actuará ademais como secretario. A mesa rexerese polo establecido nesta disposición e nas normas administrativas de funcionamento dos órganos colexiados.

4.^a Antes de abrir a sesión, no caso de se admitiren poxas en sobre pechado ou presentadas por medios telemáticos, abrirase o primeiro sobre, co fin de determinar que licitadores poden concorrer á poxa.

5.^a Os licitadores poderán participar persoalmente ou por medio de representante. Os licitadores que presentasen a súa poxa en sobre pechado ou por medios electrónicos poderán presentar poxas superiores ás inicialmente ofertadas.

Unha vez acreditada a identidade dos licitadores, abrirase o prazo para a formulación das poxas e íranse admitindo as que vaian mellorando o tipo de saída. A poxa rematarase a favor do licitador que efectúe a máis alta delas para cada un dos bens ou lotes ofertados.

6.^a De ser o caso, o presidente da mesa advertirá os licitadores da existencia de poxas en sobre pechado ou presentadas por medios telemáticos e, unha vez que finalicen as poxas formuladas de viva voz, abíranse os sobres ou leranse as que se presentasen telematicamente:

– O secretario exporá ante a mesa e en voz alta as poxas que se efectuasen sempre que igualem ou superen a máxima alcanzada de viva voz por calquera licitador.

– Se algunha das ofertas formuladas por esta vía iguala ou supera a máis alta ofrecida a man alzada, abrirase unha nova poxa entre os presentes. Declararase mellor rematante o licitador que fixese a poxa máis elevada e, en caso de empate, o que a realizase por escrito.

7.^a Do resultado da poxa realizada o secretario da mesa redactará unha acta en que se farán constar o desenvolvemento, as incidencias e os resultados da poxa,

que será subscrita, ademais, polo mellor ofertante ou polo seu representante, se está presente.

8.^a Se non hai poxas para un ben ou bens na primeira convocatoria, poderase realizar unha segunda licitación no marco da mesma poxa. A segunda licitación desenvolverase coas mesmas formalidades que a primeira e cos mesmos importes mínimos de adxudicación, salvo que nas condicións da poxa se fixasen outros distintos.

Artigo 37. *Poxa simplificada.*

1. Malia o disposto nos artigos anteriores, a Oficina poderá recorrer á poxa simplificada, en calquera dos supostos seguintes:

- a) Con carácter xeral, cando a poxa quede deserta.
- b) Cando polas características inherentes a un ben concreto, e demais circunstancias sobre a súa situación, se poida presumir motivadamente que a poxa quedaría deserta.
- c) Cando se trate de produtos perecedoiros ou existan outras razóns de urxencia e non proceda a realización mediante unha entidade especializada.

A poxa simplificada poderase realizar seguindo algunha das modalidades seguintes: presentación de oferta en sobre pechado ou en vía telemática.

2. O procedemento desenvolverase de conformidade coas seguintes regras:

1.^a A convocatoria anunciarase na páxina web do Ministerio de Xustiza. Adicionalmente, a Oficina de Recuperación e Xestión de Activos poderá adoptar as medidas de difusión que coide oportunas.

2.^a O prazo para a presentación de ofertas será de 10 días hábiles, sen prexuízo de que se poida reducir motivadamente en casos de urxencia.

3.^a Na convocatoria establecerase a data límite para a admisión de ofertas e, de ser o caso, o prazo de entrada efectiva no Rexistro do Ministerio de Xustiza, así como da documentación identificativa do licitador, sen prexuízo de que a restante documentación necesaria para a adxudicación do ben se solicite posteriormente só ao licitador con mellor oferta. Ademais, poderáselles exixir aos interesados un depósito na contía que se considere oportuna.

Así mesmo, fixaranse o lugar, o día e a hora para a apertura dos sobres que conteñan as ofertas, e para o efecto constituirase unha mesa de adxudicación integrada pola persoa titular da Subdirección Xeral de Conservación, Administración e Realización de Bens, que a presidirá, e coa participación, como vogais, de dous funcionarios da citada subdirección xeral, designados pola persoa titular da Oficina, un dos cales actuará ademais como secretario. A mesa rexerese polo establecido nesta disposición e nas normas administrativas de funcionamento dos órganos colexiados.

4.^a A adxudicación dos bens realizarase en favor da proposta que conteña a oferta económica máis elevada, sen prexuízo da posibilidade de que en cada caso concreto se poida establecer un prezo mínimo.

5.^a En caso de empate entre dúas ou máis propostas, o alleamento efectuarase en favor da que se presentase en data anterior e, en caso de igualdade, a que teña entrada con anterioridade no Rexistro.

6.^a Unha vez consignado o prezo na conta de depósitos e consignacións da Oficina, adxudicarase mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos. Esta resolución porá fin á vía administrativa.

Artigo 38. *Bens non adxudicados.*

1. Cando non se logre adxudicar un ben embargado cuxa realización se lle encomendase á Oficina por ningún dos procedementos previstos nos artigos precedentes e non proceda nin a súa utilización pola Administración nin a súa destrución, porase en coñecemento do órgano xudicial competente para efectos de que acorde o que considere procedente.

2. Cando se trate dun ben comisado cuxo destino sexa a adxudicación ao Estado e que por calquera causa non poidan ser obxecto de realización, a Oficina porao en coñecemento do órgano xudicial competente, para que aquel adopte a decisión pertinente sobre o seu destino. Coa dita comunicación deberase xuntar o informe da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, que a Oficina solicitará previamente.

Procederáse do mesmo modo cando se trate de establecementos mercantís radicados en inmobles de propiedade de terceiros que non puidesen ser obxecto de alleamento.

Artigo 39. *Utilización provisional dos bens.*

1. A persoa titular da Oficina resolverá sobre a adxudicación do uso dos efectos embargados ou intervidos cautelarmente, sempre que o órgano xudicial autorízase a súa utilización provisional.

Así mesmo, a Oficina poderá propor ao xuíz a utilización provisional dos efectos embargados ou intervidos cautelarmente, nos termos previstos no artigo 367 sexies da Lei de axuizamento criminal.

2. Unha vez autorizada polo xuíz, corresponderá á Oficina resolver sobre a adxudicación do uso dos efectos embargados ou intervidos cautelarmente e sobre as medidas de conservación que deban ser adoptadas.

A Oficina informará o xuíz ou tribunal e a Fiscalía sobre o que acordase.

3. En caso de bens comisados cuxa xestión fose encomendada á Oficina e sobre os cales se autorizase o uso provisional, as administracións públicas que viñesen utilizando provisionalmente o ben solicitarán á Oficina a súa adscrición definitiva no prazo de trinta días contados a partir do seguinte á data en que a Oficina lles comunique a sentenza firme ditada. A falta da citada solicitude no prazo sinalado facultará a Oficina para proceder á súa realización.

Unha vez formulada solicitude expresa, a Oficina remitirá a Dirección Xeral do Patrimonio do Estado para os efectos de que tramite, en caso de que o considere pertinente, a asignación dos bens con carácter definitivo á Administración nos termos que se establezan no acordo de cesión. Esta comunicación porá fin á xestión da Oficina respecto a este ben.

Artigo 40. *Destrución de bens.*

1. A xestión dos bens por parte da Oficina poderá prever a destrución de bens de lícito comercio cando sexa acordada xudicialmente.

Cando se trate de bens de escaso valor pola súa obsolescencia, deterioración ou polo seu carácter perecedoiro, a Oficina poderá acordar a súa destrución, inutilización ou abandono, logo de autorización xudicial.

Igualmente, cando se trate de efectos que por razóns ambientais deban eliminarse ou ser sometidos a tratamento, a correspondente actuación poderá ser acordada pola Oficina logo de autorización do órgano xudicial competente.

2. A destrución realizarase de conformidade coa normativa aplicable dependendo do tipo de ben de que se trate.

3. A destrución onerosa de bens levarase a cabo por medio dunha persoa ou entidade especializada, de conformidade co previsto no artigo 28.1.

Non obstante, cando a destrución dos bens non implique un custo para a Oficina, esta seleccionará directamente a entidade especializada que levará a cabo

a xestión. Sempre que sexa posible, deberanse solicitar ao menos tres propostas. De todo isto quedará constancia no expediente.

Artigo 41. Asesoramento en materia de execución de embargos e comisos.

1. A Oficina solicitará a asistencia e o asesoramento doutras administracións e organismos públicos en materia de execución de embargos e comisos acordados pola autoridade xudicial.

2. Salvo que o órgano xudicial encomende á oficina a xestión dos bens, a intervención da Oficina finalizará co envío da proposta de actuación ao órgano xudicial competente.

Artigo 42. Conta de depósitos e consignacións da Oficina.

1. A Oficina dispón dunha conta de depósitos e consignacións que ten un carácter instrumental respecto das contas de depósitos e consignacións xudiciais cuxa finalidade é asegurar a rastrexabilidade e correspondencia dos distintos expedientes incoados na Oficina cos expedientes xudiciais.

2. A conta da Oficina é única e nela recolleranse os movementos e saldos das distintas contas de expediente da Oficina integradas dentro daquela.

Artigo 43. Gastos de xestión.

1. Consideraranse gastos de xestión todos os que se ocasionasen con motivo da xestión dun ben concreto por parte da Oficina.

2. En todo caso, exclúense dos gastos de xestión os custos derivados do depósito acordado xudicialmente que, unha vez finalizado o procedemento, ou ben formarán parte da taxación de custas do proceso ou ben serán aboados pola Administración competente en cada caso.

Artigo 44. Realización dos pagamentos.

1. Con carácter ordinario, os pagamentos derivados dos contratos, encomendas de xestión ou, de ser o caso, convenios de colaboración que resulten precisos para a conservación, administración e realización de bens por parte da Oficina efectuaranse de conformidade co disposto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

2. Non obstante, poderán realizarse con cargo á correspondente conta expediente da conta de depósitos e consignacións da Oficina ou, na súa falta, con cargo aos xuros da conta da Oficina, os pagamentos autorizados xudicialmente relativos á xestión dos bens no marco dun expediente concreto.

3. Así mesmo, de conformidade co establecido na disposición adicional sexta da Lei de axuízamento criminal, os custos de xestión poderán satisfacerse cos xuros da conta da Oficina.

Artigo 45. Liquidación do procedemento.

1. Cando o órgano xudicial acorde a transferencia das cantidades obtidas á conta do órgano xudicial con carácter previo á finalización do proceso, detraerase o importe correspondente aos gastos que se causasen na conservación e no procedemento de realización daqueles.

2. Cando se dite resolución xudicial firme que poña fin ao procedemento e non se acorde o comiso dos bens, a Oficina ingresará o importe da conta expediente na conta de depósitos e consignacións do órgano xudicial, sen descontar, de ser o caso, os gastos que se causasen na conservación e no procedemento de realización daqueles.

3. Cando se dite resolución xudicial firme que poña fin ao procedemento e se acorde o comiso dos bens, a Oficina procederá á súa realización se non a levou a

cabo previamente e solicitará ao órgano xudicial que informe, de ser o caso, da contía que proceda transferirle.

Unha vez deducidos os gastos ocasionados pola realización dos bens, a Oficina transferirá á conta do órgano xudicial a contía requirida.

Artigo 46. *Cancelación da conta expediente.*

Cando un expediente da Oficina finalice e se constate que a correspondente conta expediente quedou sen saldo, esta cancelase.

A persoa responsable da conta será a única autorizada para cancelar unha conta expediente da conta da Oficina.»

Dez. Engádese unha nova disposición adicional terceira, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional terceira. *Colaboración no ámbito da localización de bens.*

1. O Centro de Intelixencia contra o Terrorismo e Crime Organizado do Ministerio do Interior, a través das canles policiais internacionais establecidas, realizará o intercambio de información policial internacional relacionada coa localización de bens.

2. A Oficina de Recuperación e Xestión de Activos realizará o intercambio de información pasivo proveniente doutras oficinas, institucións ou organismos xudiciais ou multidisciplinares cuxo único fin sexa o embargo ou comiso no marco dun procedemento penal. Así mesmo, en cumprimento das encomendas xudiciais e do Ministerio Fiscal recibidas poderase dirixir para o intercambio de información activo a calquera oficina ou institución que teña competencias na materia independentemente da súa natureza.

3. A Oficina de Recuperación e Xestión de Activos e o Centro de Intelixencia contra o Terrorismo e Crime Organizado do Ministerio do Interior intercambiarán as informacións que sexan necesarias co fin de evitar duplicidades ou perdas de eficiencia e prestaranse mutua colaboración na materia, no marco da normativa de protección de datos de carácter persoal.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor ao mes da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de marzo de 2018.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia
e para as Administracións Territoriais,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN